

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Paradela, a vinte e oito de novembro de 2019.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e dous minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D. Iván Castro Díaz
- D^a. Sara Arias López
- D^a M^a Montserrat Mulet Sar
- D^a Ana Belén López Álvarez
- D. Adrián Fernández Juíz
- D. Jesús Pablo López González
- D. Benjamín López Mato

Non asiste, D. Roberto Díaz Luaces, excusando a súa ausencia.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE OUTUBRO DE 2019 E DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 16 DE OUTUBRO DE 2019.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 3 de outubro de 2019, e da sesión extraordinaria celebrada o 16 de outubro de 2019, das que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 3 de outubro de 2019 e da acta da sesión extraordinaria celebrada o 16 de outubro de 2019.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo nove o seu número legal de membros.

2º. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DE PARADELA, ASÍ COMO A ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DO VIVEIRO DE EMPRESAS.

Consta no expediente a seguinte proposta de Alcaldía:

Visto o acordo plenario de 18 de xullo de 2019 polo que se aprobou a adhesión do Concello ao convenio e a 1ª addenda do convenio de colaboración suscrito entre a





Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias, e unha vez asinado o convenio, por parte da Dirección Xeral de Defensa do Monte fíxose entrega a este concello do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PMPDIF) en formato dixital e formato papel.

O proxecto contempla unha primeira fase do plan, consistente na creación de franxas secundarias, é dicir, áreas de seguridade que se separen 50 metros do límite xeográfico do núcleo rural, que deben estar libres de maleza e de especies pirófitas.

A segunda fase do proxecto, que se realizará máis adiante, tamén por Seaga, contempla a protección daquelas vivendas illadas e das redes de viarios rurais e urbanos que non están dentro dos núcleos.

Co fin de desenvolver na práctica os plans municipais, Seaga pon a disposición dos concellos a aplicación Xesbio, toda vía en fase de creación, a través da cal o concello poderá introducir de forma informatizada todos os datos das referencias catastrais que se verán afectadas polo novo plan municipal. Así, poderán enviarse sinxelamente as notificacións aos propietarios das fincas para que poidan proceder á adaptación e limpeza das súas fincas, en caso de atoparse dentro do límite dos 50 metros das franxas secundarias.

Sendo necesario seguir coa súa tramitación, e polo que se propón ao Pleno do Concello:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Paradela (PMPDIF).*

Segundo.- *Proceder á apertura dun período de información pública por un prazo de vinte (20) días hábiles contados a partires da publicación do anuncio no BOP, no Taboleiro de Anuncios e na web www.paradela.es, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados.*

Terceiro.- *Finalizado o trámite de información pública, resolveranse as alegacións presentadas e solicitarase á Consellería do Medio Rural - Dirección Xeral de Ordenación Forestal o informe preceptivo e vinculante esixido polo artigo 16.3 da Lei 3/2007, de 9 de abril, de defensa contra os incendios forestais de Galicia.*

Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo nove o seu número legal de membros.

3º. PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PARADELA.

Procédese por parte do Sr. Alcalde a dar lectura da seguinte proposta:

O Alcalde-Presidente conforme ao disposto na Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e do disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propón á consideración do Pleno do Concello a aprobación do regulamento de funcionamento do viveiro de empresas do Concello de Paradela, así como a ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do viveiro de empresas.





No exercicio de 2019, ao abeiro do disposto na orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de 18 de decembro de 2018, pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concurrencia competitiva de subvencións destinadas á creación de viveiros industriais de empresas en parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Concello de Paradela, procedeuse á solicitude de subvención para a creación dun viveiro de empresas no parque empresarial.

No seu día, procedeuse á remisión á Consellería do programa de acollemento de empresas, de conformidade co disposto na orde reguladora. De conformidade co disposto no art. 7 da mesma, debera convocarse un primeiro procedemento de selección de empresas para ser acollidas no viveiro, entre xaneiro e xuño de 2020.

En orde a por en marcha o viveiro de empresas e dar cumprimento ao disposto na orde reguladora da axuda concedida, faise preciso a aprobación da normativa municipal que de cobertura ao proceso de selección, así como as condicións e requisitos que deben reunir e as cotas a satisfacer polas mesmas.

De conformidade co establecido no artigo 133 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, realizouse unha consulta pública no concello e no portal web www.paradela.es e www.concelloparadela.es durante un prazo de 10 días sobre o proxecto de Regulamento de funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello de Paradela, así como da ordenanza fiscal reguladora do prezo público, en orde a recabar a opinión dos suxeitos potencialmente afectados pola súa aprobación, sen que durante o mesmo se producira opinión ou aportación algunha.

Polo tanto, proponse ao Pleno do Concello

Primeiro.- A aprobación inicial do regulamento de funcionamento do viveiro de empresas do Concello de Paradela, así como a ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do viveiro de empresas.

Segundo.- A publicación do acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios deste Concello, na web municipal, ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial, os cidadáns poidan presentar as reclamacións e/ou suxestións que consideren oportunas (art. 49 LRBRL e 17 TRLRFL).

Terceiro.- En caso de non presentarse reclamacións nin suxestións, entenderase aprobado definitivamente o Regulamento e a Ordenanza, a cuxo efecto pola Alcaldía ordenaranse os trámites necesarios para a conclusión do procedemento e a súa entrada en vigor.

Cuarto.- Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación inicial elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto do Regulamento e da Ordenanza, se publique no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Sen que se produza debate algún, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos oito Concelleiros que asisten á sesión (seis do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista) sendo nove o seu número legal de membros.



4º. APROBACIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2020.

Procédese por parte do Sr. Alcalde a dar lectura da seguinte proposta:

Confeccionado o orzamento xeral municipal para o exercicio 2020 xunto coas respectivas Bases de Execución e demais Anexos ou Estados que deban acompañalo, de conformidade co establecido nos artigos 166 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, esta Alcaldía eleva ao Pleno a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ao proxecto de orzamento xeral municipal para o exercicio 2020 co seguinte detalle:

ESTADO DE GASTOS	
<i>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</i>	
A) GASTOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
<i>CAPÍTULO I: Gastos de Persoal</i>	447.236,17
<i>CAPÍTULO II: Gastos en Bens Correntes e Servizos</i>	622.688,37
<i>CAPÍTULO III: Gastos Financeiros</i>	950,00
<i>CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes</i>	48.088,31
<i>CAPÍTULO V: Fondo de continxencia e outros imprevistos</i>	7.500,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.126.462,85
B) GASTOS POR OPERACIONES DE CAPITAL	
<i>CAPÍTULO VI: Inversións Reais</i>	601.900,14
<i>CAPÍTULO VII: Transferencias de capital</i>	28.000,00
<i>OPERACIÓNS FINANCEIRAS</i>	
<i>CAPÍTULO VIII: Activos financeiros</i>	0,00
<i>CAPÍTULO IX: Pasivos Financeiros</i>	23.637,01
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	653.537,15
TOTAL:	1.780.000,00
ESTADO DE INGRESOS	
<i>OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</i>	
A) INGRESOS POR OPERACIÓNS CORRENTES	
<i>CAPÍTULO I: Impostos Directos</i>	656.000,00
<i>CAPÍTULO II: Impostos Indirectos</i>	34.000,00
<i>CAPÍTULO III: Taxas e outros Ingresos</i>	147.554,12
<i>CAPÍTULO IV: Transferencias Correntes</i>	697.608,17
<i>CAPÍTULO V: Ingresos Patrimoniais</i>	13.177,12
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	1.548.339,41
B) INGRESOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL	
<i>CAPÍTULO VI: Enaxenación inversións reais</i>	0,00
<i>CAPÍTULO VII: Transferencias de Capital</i>	231.660,59
<i>OPERACIÓN FINANCEIRAS</i>	
<i>CAPÍTULO VIII: Activos financeiros</i>	0,00
<i>CAPÍTULO IX: Pasivos financeiros</i>	0,00
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL	231.660,59
TOTAL:	1.780.000,00



SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a plantilla de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral, así coma o anexo de inversións e as bases de execución.

TERCEIRO.- Expoñer ao público o Orzamento Xeral para o exercicio 2020, as Bases de Execución, a plantilla de persoal e o anexo de inversións aprobados, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.

CUARTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente reclamación algunha.

QUINTO.- Remitir copia á Administración do Estado, así coma ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Asemade o Sr. Alcalde procedeu a dar lectura a memoria explicativa do orzamento de 2020 co seguinte contido:

MEMORIA EXPLICATIVA DO SEU CONTIDO E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE PRESENTA EN RELACION CO VIXENTE, QUE FORMULA O ALCALDE-PRESIDENTE, DANDO CUMPRIMENTO AO DISPOSTO NOS ARTIGOS 168.1 DO REAL DECRETO 2/2004, DE 5 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DE FACENDAS LOCAIS, E 18.1 A) DO REAL DECRETO 500/1990, DO 20 DE ABRIL.

En virtude do disposto no artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18.1.a) do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación o proxecto do Orzamento Xeral e as súas Bases de Execución, para o exercicio económico 2020, cuxo importe ascende a UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA MIL EUROS (1.780.000,00 €), acompañado desta Memoria na que se explican as modificacións máis esenciais que foron introducidas respecto ao exercicio anterior:

ESTADO DE GASTOS

O Orzamento de gastos para 2020 ascende a UN MILLÓN SETECENTOS OITENTA MIL EUROS (1.780.000,00 €).

Con relación ao Orzamento do exercicio 2019, último orzamento aprobado, supón un incremento de 205.000,00 € derivados fundamentalmente dos incrementos do imposto sobre bens inmoables BICES e do IAE resultante dos parques eólicos.

O gasto total por operacións correntes ascende a 1.126.462,85 € que representa o 63,28 % do total de gastos do Orzamento.

O gasto total por operacións de capital ascenden a 653.537,15 € que representan o 36,72 % do total dos créditos orzamentarios do Estado de Gastos o que supón un incremento en porcentaxe do 7,83 % e de 198.625,42 € en términos monetarios.

A estrutura do gasto mantense respecto ao exercicio anterior.

CAPÍTULO 1. Con respecto ao gasto de persoal o seu importe global é de 447.236,21 euros, diminuíndose o gasto consignado no Orzamento do exercicio anterior en 69.853,36 €.



Significar que esta diminución débese fundamentalmente a:

- Non presupostación nin dos tres conductores motobomba por un periodo de tres meses a xornada completa nin do/a Informador/a Turística por un prazo de tres meses e medio a xornada completa, xa que na actualidade non hai convenios asinados ao respecto. No caso de que se produzan ao longo do exercicio procederase á xeración de crédito que corresponda.
- A minoración dos gastos de persoal de altos cargos, derivada da minoración do número de adicacións así como das contías asignadas ao abeiro do acordo Plenario adoptado o 4 de xullo de 2019, pasando de 49.999,88 euros a 21.226,10 €.
- A minoración do gastos das auxiliares de axuda a domicilio ao pasar de catro traballadoras a tres pola baixa voluntaria dunha delas.

En relación ás retribucións, inclúese a dotación ao Fondo de Continxencia ao que se refire o artigo 31 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, para a atención de necesidades imprevistas, inaplazables e non discrecionais, para as que non exista crédito orzamentario ou o previsto resulte insuficiente, cun importe de 7.500,00 euros que representa a previsión total do 3% de incremento das retribucións do persoal funcionario e laboral que actualmente está prestando servizos.

CAPÍTULO 2. Prevese un lixeiro incremento respecto do exercicio anterior, procedéndose a reaxustar as asignacións de cada partida en consonancia co executado no exercicio 2019.

O total dos créditos orzamentarios consignados por operacións correntes e os gastos derivados do funcionamento dos servizos existentes no Concello poden considerarse suficientes para atender as obrigas esixibles á Corporación.

CAPÍTULO 3 E CAPÍTULO 9. Gastos financeiros e pasivos financeiros.

Igualmente fíxanse as cantidades suficientes para facer fronte ao pago de xuros e amortizacións que se reflicten nos capítulos 3 e 9, que ascenden a un total de 24.350,00 €.

CAPÍTULO 4. As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes, consignaranse créditos no capítulo 4, dentro das nosas posibilidades orzamentarias, así como para facer fronte a outras atencións derivadas de obrigas adquiridas con outros entes, fundamentalmente as subvencións nominativas.

CAPÍTULO 6. Consígnanse no Estado de Gastos do Orzamento de 2020 investimentos reais por un importe de 601.900,14 euros, financiadas con recursos afectados procedentes de subvencións ou transferencias de capital (231.660,59 euros) e con recursos propios (370.239,55 euros), o que representa unha importantísima suba respecto do exercicio 2019, xa que se incrementa o capítulo en 166.400,14 €.

Os créditos orzamentarios para Investimentos Reais representan o 33,82 % do total do Orzamento; dos cales o 61,52 % financianse con recursos propios.

Os investimentos previstos recóllense no Anexo de Inversións.

CAPÍTULO 7. Destacar a introducción do capítulo destinado ás transferencia de capital, xa que se contempla a subvención nominativa á Comunidade de Montes Bosque Sierra Lagüela, Gandarón e Cabaleirón en relación co Proxecto de



Rehabilitación e ampliación de Escola para Centro Social en Vilaragunte por importe de 10.000,00 € e a subvención en especie para a confección de páxinas web das empresas de Paradela por importe de 18.000,00 €.

ESTADO DE INGRESOS

En canto os recursos correntes (Capítulos 1 ao 5) partiuse dos dereitos recoñecidos na liquidación correspondente ao exercicio 2018 e no adianto de liquidación do exercicio 2019, consígnandose todos os que proceden, tomando como base as Ordenanzas en vigor, a Participación nos Tributos do Estado, así coma os demais que legalmente corresponde percibir e que se prevén liquidar durante o exercicio.

En canto os recursos correntes (Capítulos 1 ao 5) partiuse dos dereitos recoñecidos na liquidación correspondente ao exercicio 2018 e no adianto de liquidación do exercicio 2019, consígnandose todos os que proceden, tomando como base as Ordenanzas en vigor, a Participación nos Tributos do Estado, así coma os demais que legalmente corresponde percibir e que se prevén liquidar durante o exercicio.

Destacar que os recursos propios (autofinanciación), os derivados dos capítulo 1 a 3 representan o 47% do total dos ingresos.

CAPÍTULO 1. *Os impostos directos comprenden o Imposto de Bens Inmables, o Imposto de Actividades Económicas, e o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e representan o 36,85 % do total do orzamento.*

Os ingresos que proveñen destes impostos directos ascenden a 656.000,00 €; incrementándose as previsións en 221.000,00 € respecto do exercicio 2019 pola previsión dos ingresos tanto no BICES como no IAE derivadas do funcionamento dos Parques Eólicos.

CAPÍTULO 2. *Os ingresos que proveñen dos impostos indirectos refírense ao Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras que ascende a 34.000,00 euros, prevéndose os mesmos que no exercicio anterior, por un principio de prudencia.*

CAPÍTULO 3. *Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, calculáronse tendo en conta os dereitos que se prevén liquidar no exercicio actual, producíndose un pequeno incremento, tendo en conta o previsto recaudar no exercicio 2020.*

CAPÍTULO 4. *O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, descende respecto do previsto no exercicio anterior xa que non se computan os Convenios citados no referente ao capítulo 1, é dicir, o Convenio de prevención de incendios e de Informador/a Turístico/a, se ben se prevé un incremento no SAF de dependencia e o Programa Cultura no Camiño.*

CAPÍTULO 5. *Ingresos patrimoniais.*

Este capítulo é practicamente igual as cantidades consignadas no exercicio 2019.

CAPÍTULO 7. *O Capítulo VII de Transferencias de Capital do Orzamento de Ingresos recóllense as previsións suficientes respecto ás aportacións que nas actuacións descritas realizarán os distintos axentes financiadores: Comunidade Autónoma e Deputación Provincial.*

Recóllese unicamente a contía aportada no exercicio 2019 pola Deputación Provincial de Lugo dentro do Plan Único de Cooperación cos Concellos por importe de



231.660,59 €.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Socialista D. Iván Castro Díaz dicindo que van a votar en contra en primeiro lugar porque non foron convocados para lograr un consenso cando representan case ao 40 % da poboación; segundo se ben hai un incremento dos ingresos isto non se reflicte en que haxa bonificacións na taxa de lixo ou no IBI rural que se poderían ir implementando de xeito progresivo, non se reflicte nun incremento do SAF no que hai longas listas de espera, non se especifican que camiños se van a rexenerar, non hai investimentos significativos na dotación de auga pública cando se debería de ir dotando en todas as parroquias así como os poucos investimentos nas parroquias afectadas polos eólicos.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que os orzamentos se axustan as necesidades actuais existentes no Concello, e que resulta demagóxico sendo unha dinámica ou unha enfermidade afixiar aos Concellos con rebaixas dos impostos, que terían consecuencias graves como a baixada na Participación dos Tributos do estado ao realizar un menor esforzo fiscal.

A continuación procedeuse a votación da proposta que resulta aprobada pola maioría absoluta, cos seis votos a favor dos membros do Grupo Municipal do Partido Popular polos votos en contra dos dous membros do Grupo Municipal Socialista que asisten á sesión, sendo nove o seu número legal de membros.

5º. ASUNTOS DE URXENCIA.

Non houbo.

PARTE ADICADA A CONTROL E DE CONTIDO NON RESOLUTIVO

6º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucións de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario. (Dende o 2019-0214 de 1 de outubro de 2019 ao 2019-0246 de 14 de novembro de 2019).

O Pleno dase por enterado.

7º. MOCIÓNS DOS GRUPOS.

Non houbo.

8º. ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron formalmente preguntas nen rogos por escrito, se ben dase a posibilidade de formulalos neste intre, non formulándose cuestión algunha.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e trinta minutos do vinte e oito de novembro de dous mil dezanove, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e prace

O Alcalde

O Secretario-Interventor

